# MEMORIA XUSTIFICATIVA

Subvención dirixidas a entidades sen fins de lucro para as actividades culturais da Deputación provincial de Pontevedra para o ano 2021

Actividade

**ENCONTRO SOBRE XESTIÓN SUSTENTÁBEL DO MONTE. O CASO DO SOBREIRAL DO ARNEGO; DOS VELLOS USOS ÁS NOVAS ESTRATEXIAS DE CONSERVACIÓN.**

**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA**

# MEMORIA XUSTIFICATIVA

Subvención dirixidas a entidades sen fins de lucro para as actividades culturais da Deputación provincial de Pontevedra para o ano 2021

**TÍTULO DA ACTIVIDADE:**

ENCONTRO SOBRE XESTIÓN SUSTENTÁBEL DO MONTE. O CASO DO SOBREIRAL DO ARNEGO; DOS VELLOS USOS ÁS NOVAS ESTRATEXIAS DE CONSERVACIÓN.

**LUGAR:** Casa Cultura Concello de A Golada

**DATAS:** 18/12/2021.

A data inicial proposta para a o encontro, 9 de outubro, mudouse para o sábado 18 de decembro

**FINALIDADE DO ENCONTRO**

A solicitude da subvención pretende contribuir ao fomento dunha cultura multifuncional do monte e conta con obxectivos xerais e específicos:

<u>Obxectivo xeral:</u>

-Coñecer un exemplo de uso sustentábel do monte

<u>Obxectivos específicos:</u>

-Coñecer o patrimonio asociado ao uso tradicional do monte

-Achegar á cidadanía a funcionalidade das sobreiras nas actividades silvícolas e agrogandeiras.

-Dar a coñecer o efecto sobre a biodiversidade que teñen as practicas forestais tradicionais.

-Divulgar novas ferramentas de conservación como a custodia do territorio

-Fomentar a participación social nos usos do monte

**ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS**

O encontro desenvolveuse según o programa previsto.

Contactouse cos seguintes ponentes :

Para a charla inicial contactouse con ***Jesús de la Fuente,*** inxeñeiro agrónomo que na actualidade é profesor da CIFP de Lourizán e que durante un tempo traballou para a Dirección Xeral de Montes precisamente na zona obxecto das xornadas. A súa charla que introduciría a temática sobre a munfituncionalidade do monte levou por título: Monte multifuncional e necesidades rurais

Para a segunda charla, contactouse con ***Cristina Gende***, tamén enxeñeira forestal, que realizou un estudo sobre os sobreirais do Deza, prestándolle atención aos sobreirais do río Arnego, que precisamente sería o título da súa ponencia, O Sobreiral do Arnego

A segunda sesión da mañá tal e como estaba programa adicouse á participación socioambiental, para esta parte requeriuse a aparticipación do persoal de ADEGA que leva varios anos desenvolvendo proxectos de conservación e custodia do territorio.

***Ramsés Pérez***, foi o relator da ponencia *A custodia do territorio como ferramenta de conservación,* que tiña por obxecto encadrar as actuación no sobreiral levadas adiantye por ADEGA.

A continuación e para rematar as charlas e ***Paco Bañobre*** describiu na súa charla *Actuacións de conservación ambiental*, aquelas liñas de traballo que se veñen desenvolvendo por parte de ADEGA no espazo natural obxecto das xornadas.

A sesión da tarde foi guiada por biólogo ***Cosme Damián Romay Cousido***, con ampla experiencia en biodiversidade que tiña a función de guiar a ruta e amosar os valores ambientais do Sobreiral tal e como se falo unas xornadas.

Unha vez se pechou a programación das xornadas contactouse co **Distrito Xermar** para facer os carteis e dípticos das xornadas.

Con **Autos Puntero** para acordar o desprazamento.

O **Concello de Agolada** aparece nos carteis como Colaboración xa que cedeu o local para as charlas pero sen prestar apoio económico.

**DESENVOLVEMENTO DO ENCONTRO**

Desenvolveuse tal e como estaba previsto. A meteroroloxía acompañou para realizar a xornada da tarde.

A única cuestion que se mudou do programa foi a presenza do Alcalde que non puido asisitir por cuestións sanitarias.

Na sesión da mañá realizouse unha retrospectiva sobre os usos do monte, nomeadamente o caso do Sobreiral do Arnego que ten a peculiaridade de ter unha árbore como é a sobreira ou corticeira. Na mesma, abordouse tamén a situación provocada polo fungo *Stereum hirsutum* e as actividades e proxecto de custodia do territorio que se están a desenvolver para a rexeneración deste espazo.

**Sesión da mañá**

10.30h Presentación do Encontro

11.00h Monte multifuncional e necesidades rurais *Jesús de la Fuente*

11.30h O Sobreiral do Arnego *Cristina Gende*

12.30h Descanso

13.30h A custodia do territorio como ferramenta de conservación *Ramsés Pérez*

14.00h Actuacións de conservación ambiental, *Paco Bañobre*

O remate das ponencias produciuse un interesante debate entre as persoas asistentes sobre o uso multifuncional do monte no que se compatibilizan aspectos económicos, sociais e ambientais.

A segunda parte da xornada foi unha visita guiada ao Sobreiral do Arnego na que se abordaron os aspectos nomeados; usos tradicionais do monte, problemáticas actuais do monte e novas estratexias de conservación como a custodia do territorio. Na saída resaltaronse aqueles aspectos que están promover unha conservación da súa diversidade natural xunto co uso social do entorno.

**Sesión da tarde**

16.00h Visita ao Sobreiral do Arnego, *Cosme Damián Romay e Ramsés Pérez*

18.00h Recollida de landras

18.30h Remate do Encontro

**CONCLUSIÓNS:**

Como xa se cometou cumpríuse a programación prevista e os horarios estimados. As persoas asistentes ao Encontro, valoraron positivamente os mesmo dende un punto de vista xeral, así como as ponencias e a visita ao Sobreiral do Arnego.

## Cartaz do Encontro:




## Novas na Prensa

FARO DE VIGO

DEZA-TABEIRÓS MORRAZO PONTEVEDRA AROUSA OURENSE SOCIEDADE CONCELLOS GALICIA


APROVEITA
Accede a todo o contido dixital de FARO DE VIGO por menos de 3 EUROS Ao MES


### Adega organiza en Agolada un encontro sobre a xestión sustentable do monte do Sobreiral do Arnego

04·12·21 | 04:00 | Actualizado ás 12:41

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) organiza o sábado 18 de decembro en Agolada un encontro subvencionado pola Deputación de Pontevedra que leva por título "Xestión sustentábel do monte: caso do Sobreiral do Arnego. Dúas lanuxes usos ás novas estratexias de conservación". A cita será na Casa dá Cultura agoladesa e contará coas intervencións de Cristina Gende, Jesús de la Fuente, Ramsés Pérez e Paco Bañobre. Na sesión matinal haberá unha mesa redonda sobre a multifuncionalidad do monte e na de tarde levará cabo unha visita guiada ao Sobreiral do Arnego. A participación tanto na sesión da mañá como na vespertina é totalmente gratuíta pero é necesario inscribirse ou no correo electrónico pacobanhobre@gal ou chamando ao teléfono de contacto 616 238 050.

TEMAS Encontro - Agolada - Pontevedra - Galicia

**Memoria fotográfica:**

**Xornadas sesión da mañá,** vista xeral e os catro ponentes














**Xornadas sesión de tarde,** explicacións, recollida de landras e foto de grupo













**Difusión en Redes Sociais**

Novas no Facebook, previas ao Encontro e imaxes do Encontro



Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Belen Rodriguez · 3 de decembro de 2021 ·

ADEGA convídate a un Encontro sobre a "Xestión sustentábel do monte: caso do Sobreiral do Arnego. Dos vellos usos ás novas estratexias de conservación", que terá lugar na Casa da Cultura de Agolada o vindeiro 18 de decembro.... Completarase cunha visita guiada aos Sobreirais do Arnego!

Inscríbete e reserva praza a través do email : pacobanhobre@adega.gal ou teléfono 616 23 80 50.

A actividade conta co apoio da Deputación Pontevedra e a colaboración do Concello Agolada
http://adega.gal/novas.php?id=1191&idioma=gl&sec=9



1.833 Persoas acadadas
58 Engagements
↓ -1,7x lower Distribution score
Potenciar publicación



Asociación Ecoloxista ADEGA
Publicado por Ramsés Pérez · 13 de decembro de 2021 ·

Lembrade!!!, o vindeiro sábado 18 de decembro ADEGA convídavos a o Encontro "Xestión sustentábel do monte: caso do Sobreiral do Arnego. Dos vellos usos ás novas estratexias de conservación". Terá lugar na Casa da Cultura de Agolada en sesión de mañá e pola tarde visita guiada aos Sobreirais do Arnego!

Inscríbete e reserva praza a través do email : pacobanhobre@adega.gal ou teléfono 616 23 80 50.

A... Ver máis



1.044 Persoas acadadas
34 Engagements
↓ -3,1x lower Distribution score
Potenciar publicación

**Asociación Ecoloxista ADEGA**

Publicado por Ramsés Pérez · 19 de decembro de 2021 ·

Partillamos unhas imaxes do Encontro , Xestión sustentábel do monte: caso do Sobreiral do Arnego. Dos vellos usos ás novas estratexias de conservación, organizado onte no concello de Agolada por Adega coa colaboración da Deputación de Pontevedra.
Grazas a todos as persoas que asistiron á mesa redonda e ao roteiro polo sobreiral.










2.115
Persoas acadadas

168
Engagements

Potenciar publicación

**Instragram**




Santiago de Compostela, 09 de febreiro de 2022